

Viveiro, 19 de xaneiro de 2023

Estimada/o señora/señor:

Dirixímonos a vostede para informala/o de que a partir do vindeiro martes 24 de xaneiro e ata o luns 13 de febreiro o alumnado deste centro vai participar na experiencia 21 Días co galego e+ que organiza a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia. Esta actividade, que xa se viña desenvolvendo coa denominación 21 Días co galego desde 2013 no IES da Pobra do Caramiñal, recibiu en 2015 un Premio de Innovación en Dinamización Lingüística, en 2018 o primeiro acto de recoñecemento a unha actividade educativa da Real Academia Galega, en 2019 o Premio Rosalía da Deputación da Coruña e o Premio da Cultura Galega 2019 na persoa da súa creadora Pilar Ponte.

21 Días co galego e + é un programa educativo que ten dous obxectivos ambiciosos no plano lingüístico: Dunha banda, procura o aumento de uso do galego como lingua de comunicación habitual tanto no tempo como nos ámbitos nos que se utiliza. Doutra banda, é unha experiencia de reflexión individual sobre a relación singular que cada participante ten coas linguas que coñece.

A actividade forma parte da programación xeral anual do centro. Ademais tamén forma parte da materia de Lingua Galega e doutra materia (que pode variar en cada grupo) nas que o alumnado recibirá unha nota dentro da avaliación trimestral. Para desenvolvela o alumnado deberá realizar gravacións individuais falando e que non serán públicas xa que só as verá o profesorado da materia para a súa avaliación.

Durante estas tres semanas desenvolveranse actividades colectivas onde se realizarán fotografías e vídeos de difusión pública suxeitas ás normas xerais de protección de datos para todas as actividades académicas do curso escolar mais que por se tratar dunha actividade da Consellería require unha autorización específica que se tamén se lles envía.

Ademais de informala/o da realización do programa, poñémonos en contacto con vostede para convidala/o a que, se o considera conveniente, acompañe a súa filla ou fillo nesta aventura de lle abrir as portas ao galego nas súas vidas fóra das aulas de lingua. Indicámoslle o enderezo do blog de referencia onde poden ir seguindo o programa a partir do martes 24 de xaneiro de 2023: <https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais>. Tamén nos poderán atopar nas redes sociais. Se desexan participar con nós neste reto dende as súas redes sociais, etiqueten as súas publicacións co cancelo #21diascogalegoemais. As actividades concretas do noso centro poden seguila na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmariasarmiento/> cun concurso específico para participar en familia e no Instagram do instituto: @dinamizaciondosarmiento

Desde o IES María Sarmiento de Viveiro animámola/o a que comparta coa súa filla ou fillo esta experiencia lingüística de aprecio e orgullo pola nosa lingua.

Saúdos cordiais.

Persoa coordinadora do programa 21 Días co galego e + no IES: Susana Quintela Díaz, responsable do



21 DÍAS CO GALEGO E + 2023 / Falando para un mundo mellor

EDLG.